

Artigo quinto.

A denominación de Illas Baleares no título, o preámbulo e tódolos artigos do Estatuto de autonomía nos que figure, será substituída pola de Illes Balears.

Disposición transitoria única.

A modificación do réxime de incompatibilidades e o dereito a renunciar ós cargos de deputados ou conselleiros insulares que se prevé no artigo 37 non lles será de aplicación ós deputados nin conselleiros insulares da IV lexislatura.

Disposición derradeira única.

A presente reforma do Estatuto de autonomía entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 8 de xaneiro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

459 *LEI ORGÁNICA 4/1999, do 8 de xaneiro, de reforma da Lei orgánica 4/1983, do Estatuto de autonomía de Castela e León. («BOE» 8, do 9-1-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de autonomía de Castela e León, aprobado pola Lei orgánica 4/1983, do 25 de febreiro, foi modificado pola Lei orgánica 11/1994, do 24 de marzo. Esta reforma só consideraba aspectos competenciais incluídos nos seus artigos 24, 27, 28 e 29, e a introducción dun novo artigo 27 bis relativo a competencias sobre educación.

O Pleno das Cortes de Castela e León, na súa sesión do día 12 de decembro de 1996, aprobou unha resolución, consecuencia do debate de política xeral sobre a Comunidade, pola que se creou, no seo da Comisión Permanente Lexislativa do Estatuto, unha ponencia con representación de tódolos grupos parlamentarios da Cámara para o estudo e, se for o caso, proposta de reforma do Estatuto de autonomía de Castela e León no marco da Constitución española.

A presente proposta de reforma do Estatuto de autonomía, froito dos traballos da dita ponencia, non só afecta o ámbito competencial senón que afonda na capacidade de autogoberno da Comunidade.

Artigo único.

Os preceptos da Lei orgánica 4/1983, do 25 de febreiro, do Estatuto de autonomía de Castela e León, modificada pola Lei orgánica 11/1994, do 24 de marzo,

de reforma do dito estatuto, quedan redactados do seguinte xeito:

1.º Artigo 1. Disposicións xerais.

«1. Castela e León, como expresión da súa identidade propia, de acordo coa vinculación histórica e cultural das provincias que a integran, e en exercicio do dereito á autonomía recoñecido no artigo 2 da Constitución, constitúese en comunidade autónoma conforme esta e o presente estatuto, que é a súa norma institucional básica.

2. A Comunidade de Castela e León é a institución na que se organiza política e xuridicamente o autogoberno da Comunidade Autónoma.

3. A Comunidade de Castela e León ten plena personalidade xurídica nos termos da Constitución e conforme o presente estatuto de autonomía.»

2.º Artigo 2. Ámbito territorial.

«O territorio da Comunidade de Castela e León abrangue os municipios integrados nas provincias de Ávila, Burgos, León, Palencia, Salamanca, Segovia, Soria, Valladolid e Zamora.»

3.º Artigo 3. Sede.

«1. Unha lei das Cortes de Castela e León, aprobada por maioría de dous tercios, fixará a sede ou sedes das institucións de autogoberno.

2. A Xunta de Castela e León determinará a localización dos organismos ou servizos da Administración da Comunidade, atendendo a criterios de descentralización, eficacia e coordinación de funcións e á tradición histórico-cultural.»

4.º Engádese un artigo novo:

«Artigo 4. Valores esenciais.

1. A lingua castelá e mailo patrimonio histórico, artístico e natural son valores esenciais para a identidade da Comunidade de Castela e León e serán obxecto de especial protección e apoio, para o que se fomentará a creación de entidades que atendan ó dito fin.

2. Gozarán de respecto e protección a lingua galega e as modalidades lingüísticas nos lugares en que habitualmente se utilicen.»

5.º O actual artigo 4. Emblema e bandeira, pasa a se-lo artigo 5. Símbolos da Comunidade.

«1. O emblema ou brasón de Castela e León é un escudo timbrado por coroa real aberta, escuartelado en cruz ou contraescuartelado. O primeiro e cuarto cuarteiróns: sobre campo de gules, un castelo de ouro ameado de tres ameas, mampostado de sable e clarado de azur. O segundo e terceiro cuarteiróns: sobre campo de prata, un león rampante de púrpura, linguado, uñado e armado de gules, coroado de ouro.

2. A bandeira de Castela e León é escuartelada e agrupa os símbolos de Castela e León, conforme se describiron no punto anterior. A bandeira ondeará en tódolos centros e actos oficiais de Comunidade, á dereita da bandeira española.

3. O pendón está constituído polo escudo escuartelado sobre un fondo carmesí tradicional.

4. Mediante decreto da Xunta regularase a utilización e o deseño da forma e dimensións dos símbolos da Comunidade.

5. Cada provincia e municipio conservarán as bandeiras e os emblemas que lles son tradicionais.

6. A Comunidade Autónoma establecerá o seu himno mediante lei específica.»

6.º O actual artigo 5. Ámbito persoal, pasa a se-lo artigo 6. Ámbito persoal.

«1. Para os efectos do presente estatuto, teñen a condición política de cidadáns de Castela e León tódolos españois que, conforme coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios integrados no territorio da Comunidade.

2. Gozarán dos dereitos políticos definidos neste estatuto, como cidadáns de Castela e León, os españois residentes no estranxeiro que tivesen a última veciñanza administrativa en Castela e León e acrediten esta condición no correspondente Consulado de España. Igualmente gozarán destes dereitos os seus descendentes inscritos como españois, se así o solicitaren, na forma que determine a lei do Estado.»

7.º O actual artigo 6. Comunidades castelano-leonesas situadas noutros territorios, pasa a se-lo artigo 7. Comunidades situadas noutros territorios.

«1. Os cidadáns oriúndos ou procedentes de Castela e León que residan noutras comunidades autónomas de España ou fóra do territorio nacional, así como as súas asociacións e centros sociais, terán o recoñecemento da súa orixe ou procedencia e o dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural de Castela e León.

2. Sen prexuízo das competencias do Estado, unha lei das Cortes de Castela e León regulará o alcance e o contido do dito recoñecemento.

3. Para facilita-lo disposto anteriormente, a Comunidade de Castela e León poderá subscribir convenios con outras comunidades autónomas e solicitar do Estado que se adopten as previsións oportunas nos tratados e convenios internacionais que se acorden.»

8.º O actual artigo 7. Dereitos e liberdades dos castelano-leoneses, pasa a se-lo artigo 8. Dereitos, liberdades e deberes dos cidadáns de Castela e León.

«1. Os cidadáns de Castela e León teñen os dereitos, as liberdades e os deberes establecidos na Constitución.

2. Corresponde ós poderes públicos de Castela e León promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remove-los atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilita-la participación de tódolos casteláns e leoneses na vida política, económica, cultural e social.

3. Os poderes públicos da Comunidade Autónoma asumen como un dos principios rectores da súa acción política, social e económica o dereito dos casteláns e leoneses a viviren e traballaren na súa propia terra. Para este fin crearanse as condicións indispensables para facer posible o retorno dos emigrantes para poderen contribuír co seu traballo ó benestar colectivo dos casteláns e leoneses.»

9.º O actual artigo 8. Institucións autónomas, para a se-lo artigo 9. Institucións autonómicas.

«1. As institucións básicas da Comunidade de Castela e León son:

- 1.^a As Cortes de Castela e León.
- 2.^a O presidente da Xunta de Castela e León.
- 3.^a A Xunta de Castela e León.

2. Terán o carácter de institucións propias da Comunidade de Castela e León as que determinen o presente estatuto ou as leis aprobadas polas Cortes de Castela e León.»

10.º O actual artigo 9. Carácter, pasa a se-lo artigo 10. Carácter.

«1. As Cortes de Castela e León representan o pobo de Castela e León e exercen no seu nome, conforme a Constitución e o presente estatuto, os poderes e atribucións que lles corresponden.

2. As Cortes de Castela e León son inviolables.»

11.º O actual artigo 10. Composición, pasa a se-lo artigo 11. Composición.

Sen modificación.

12.º O actual artigo 11. Elección, pasa a se-lo artigo 12. Elección.

«A elección dos membros das Cortes de Castela e León realizarase conforme as normas seguintes:

1. A convocatoria de eleccións será realizada polo presidente da Xunta de Castela e León, de maneira que a súa celebración coincida coas consultas electorais doutras comunidades autónomas.

2. Os procuradores representan a totalidade do pobo de Castela e León e non están ligados por mandato imperativo. O seu mandato termina catro anos despois da súa elección ou o día da disolución da Cámara.

3. Os procuradores gozarán de inviolabilidade polos votos emitidos e as opinións manifestadas no exercicio das súas funcións. Durante o seu mandato non poderán ser detidos nin retidos por presuntos actos delictivos cometidos no territorio da Comunidade, salvo no caso de flagrante delicto, e sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo corresponde decidir ó Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León. Fóra do territorio da Comunidade a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

4. A lexislación electoral determinará as causas de inelixibilidade e incompatibilidade dos procuradores, atendendo ó disposto no artigo 67, punto 1, da Constitución. En calquera caso, a condición de procurador será compatible coa de deputado provincial e coa de concelleiro.»

13.º O actual artigo 12. Órganos, pasa a se-lo artigo 13. Órganos.

«1. As Cortes de Castela e León elixirán entre os seus membros o presidente, a Mesa e a Deputación Permanente.

2. As Cortes de Castela e León funcionarán en pleno e en comisións.

3. Os procuradores constitúense en grupos parlamentarios de representación política. A participación de cada un destes grupos nas comisións e na Deputación Permanente será proporcional ó número dos seus membros.

4. As Cortes de Castela e León establecen o seu propio regulamento; a súa aprobación e reforma requirirán a maioría absoluta nunha votación final sobre a súa totalidade. Así mesmo, regulan o estatuto do persoal ó seu servizo e aproban os seus orzamentos, que preverán dotacións e recursos suficientes para o funcionamento dos grupos parlamentarios.

5. As Cortes de Castela e León reuniranse en sesións ordinarias e extraordinarias. Os períodos ordinarios de sesións celebraranse entre setembro e decembro, o primeiro, e entre febreiro e xuño, o segundo. As sesións extraordinarias deberán ser convocadas polo seu presidente, con especificación da orde do día, por petición da Xunta, da Deputación Permanente ou dunha quinta parte dos procuradores, e serán clausuradas unha vez esgotada a dita orde do día.»

14.º Engádese un novo artigo:

«Artigo 14. *Procurador do Común.*

1. O Procurador do Común é o alto comisionado das Cortes de Castela e León, designado por estas, para a protección e defensa dos dereitos fundamentais dos cidadáns, a tutela do ordenamento xurídico da Comunidade e a defensa do presente estatuto de autonomía.

2. Unha lei da Comunidade regulará as competencias, a organización e o funcionamento desta institución.»

15.º O actual artigo 13. Atribucións, pasa a se-lo artigo 15. Atribucións.

«Corresponde ás Cortes de Castela e León:

1. Exerce-la potestade lexislativa da Comunidade nos termos establecidos pola Constitución, por este estatuto e polas leis do Estado que lles atribúan tal potestade.

2. Controla-la acción política e de goberno da Xunta e do seu presidente.

3. Aproba-los orzamentos da Comunidade e os das propias Cortes, así como a rendición anual de contas de ambos.

4. Elixir de entre os seus membros o presidente da Xunta de Castela e León.

5. Designa-los senadores que han representa-la Comunidade, segundo o previsto no artigo 69.5 da Constitución. Os senadores serán designados en proporción ó número de membros dos grupos políticos representados nas Cortes de Castela e León.

6. Solicitar do Goberno a adopción dun proxecto de lei ou remitir á Mesa do Congreso dos Deputados unha proposición de lei nos termos que establece o artigo 87, punto 2, da Constitución.

7. Interpor recursos de inconstitucionalidade, de acordo co que establece o artigo 162, alínea 1.a) da Constitución e a Lei orgánica do Tribunal Constitucional.

8. Exerce-la iniciativa de reforma da Constitución, nos termos previstos nela.

9. Facilitarlle ó Goberno as previsións de índole política, social e económica a que se refire o artigo 131, punto 2, da Constitución.

10. Establecer e esixir tributos de acordo coa Constitución, o presente estatuto e as correspondentes leis do Estado.

11. Aprobar transferencias de competencias da Comunidade ós entes provinciais e municipais dela, salvo o que determina este estatuto ou dispoña unha lei previa da propia Comunidade.

12. Ratifica-los convenios que a Xunta conclúa con outras comunidades autónomas para a xestión e prestación de servizos propios delas. Estes convenios serán comunicados de inmediato ás Cortes Xerais.

13. Ratifica-los acordos de cooperación que sobre materias distintas das mencionadas no número anterior conclúa a Xunta con outras comunidades autónomas logo de autorización das Cortes Xerais.

14. Exeracer cantos outros poderes, competencias e atribucións lles asignen a Constitución, este estatuto e as leis.»

16.º O actual artigo 14. Potestade lexislativa, pasa a se-lo artigo 16. Potestade lexislativa.

«1. A iniciativa lexislativa na Comunidade corresponde á Xunta e ós procuradores nos termos que para eles estableza o Regulamento das Cortes.

2. Por lei das Cortes de Castela e León regularase o exercicio da iniciativa lexislativa popular e dos Concellos para aquelas materias que sexan competencia da Comunidade Autónoma nos termos previstos na lei orgánica que desenvolva o disposto no artigo 87.3 da Constitución.

3. As Cortes poderán delegar na Xunta a potestade de dictar normas con categoría de lei que competa a aquelas. A delegación deberase outorgar para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio e efectuarase mediante lei de bases cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por lei ordinaria cando se trate de refundir varios textos legais nun só.

Non poderán ser obxecto de delegación, ademais do que dispoñen outras leis, as atribucións lexislativas contidas nos números 3 e 10 do artigo anterior, as ratificacións previstas nos números 12 e 13 do mesmo artigo, o réxime electoral da Comunidade e as leis que fixen a sede ou sedes das institucións de autogoberno.

4. As leis de Castela e León serán promulgadas en nome de El-Rei polo presidente da Xunta, quen ordenará a súa publicación no «Boletín Oficial de Castilla y León» e no «Boletín Oficial del Estado». Para efectos da súa entrada en vigor rexerá a data de publicación no primeiro daqueles.»

17.º O actual artigo 15. Elección e carácter, pasa a se-lo artigo 17. Elección e carácter.

«1. O presidente da Xunta asume a suprema representación da Comunidade e a ordinaria do Estado nela; preside, así mesmo, a Xunta de Castela e León, dirixe as súas accións e coordina as funcións dos seus membros.

2. O presidente da Xunta de Castela e León é elixido polas Cortes de Castela e León de entre os seus membros e nomeado por El-Rei.

3. Ó comezo de cada lexislatura ou en caso de dimisión ou falecemento do anterior, as Cortes de Castela e León procederán á elección do presidente por maioría absoluta en primeira votación ou por maioría simple nas sucesivas, conforme o procedemento que estableza o regulamento daquelas.

Se transcorrido o prazo de dous meses a partir da primeira votación de investidura ningún candidato obtivese a confianza das Cortes de Castela e León, estas ficarán disoltas automaticamente e procederase á convocatoria de novas eleccións.

En tal suposto, o mandato dos así elixidos concluirá ó se completa-lo resto do período de catro anos a que se refire o artigo 12.2 deste estatuto. Non procederá a disolución prevista no segundo parágrafo deste punto cando o prazo de dous meses conclúa faltando menos dun ano para a finalización da lexislatura.

4. O presidente cesará, alén de polas causas a que se refire o punto anterior, nos casos de perda de confianza ou se as Cortes de Castela e León adoptan a moción de censura nos termos a que se refire o artigo 22.3 deste estatuto.»

18.º Engádesse un artigo novo:

«Artigo 18. *Cuestión de confianza.*

1. O presidente da Xunta de Castela e León, logo de deliberación desta, poderá presentar perante as Cortes de Castela e León a cuestión de confianza sobre o seu programa ou sobre unha declaración de política xeral.

2. A tramitación parlamentaria da cuestión de confianza rexeráse polo Regulamento das Cortes de Castela e León e entenderase outorgada cando vote a favor dela a maioría simple dos procuradores.

3. O presidente da Xunta de Castela e León cesará se as Cortes de Castela e León lle negan a confianza. Neste suposto o presidente das Cortes convocará o Pleno para elixir un novo presidente, de conformidade co procedemento previsto no artigo 17 deste estatuto.»

19.º O actual artigo 16. Carácter e composición, pasa a se-lo artigo 19. Carácter e composición.

«1. A Xunta de Castela e León é o órgano de goberno e administración da Comunidade de Castela e León e exerce a función executiva e a potestade regulamentaria consonte este estatuto e o resto do ordenamento xurídico.

2. A Xunta de Castela e León está composta polo presidente, os vicepresidentes, se for o caso, e os conselleiros.

3. Unha lei de Castela e León regulará a organización e composición da Xunta, así como as atribucións e o estatuto persoal dos seus membros.

4. O presidente da Xunta nomea e separa libremente os seus membros, comunicándollos a seguir ás Cortes de Castela e León.

5. O presidente poderá delegar funcións executivas e de representación propias nos vicepresidentes e demais membros da Xunta.»

20.º O actual artigo 17. Atribucións, pasa a se-lo artigo 20. Atribucións.

«Corresponde á Xunta de Castela e León:

1. Exerce-lo goberno e a administración da Comunidade no ámbito das competencias que esta teña atribuídas.

2. Interpor recursos de inconstitucionalidade nos termos que establece o artigo 161.1.a) da Constitución e suscitar, se for o caso, conflitos de competencia co Estado ou con outra comunidade autónoma, segundo o previsto na Lei orgánica do Tribunal Constitucional, constituíndose en parte nestes últimos por acordo das Cortes de Castela e León ou por propia iniciativa.

3. Exeracer cantas outras competencias lle asignen este estatuto e as leis.»

21.º Engádesse un artigo novo:

«Artigo 21. *Garantías.*

O presidente e os demais membros da Xunta, durante o seu mandato e polos actos delictivos cometidos no territorio de Castela e León, non poderán ser detidos nin retidos senón en caso de flagrante delicto e, en todo caso, sobre a súa incul-

pación, prisión, procesamento e xuízo correspondelle decidir ó Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León. Fóra do dito territorio a responsabilidade penal será esixible nos mesmos termos ante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.»

22.º O actual artigo 18. Responsabilidade política, pasa a se-lo artigo 22. Responsabilidade política. Sen modificación.

23.º Disolución anticipada das Cortes.

«Artigo 23. *Disolución anticipada das Cortes.*

1. O presidente da Xunta de Castela e León, baixo a súa exclusiva responsabilidade e logo de deliberación da Xunta, poderá acorda-la disolución anticipada das Cortes de Castela e León.

2. Non se poderá acorda-la disolución anticipada das Cortes de Castela e León nos seguintes supostos.

a) Cando se encontre en tramitación unha moción de censura.

b) Durante o primeiro período de sesións da lexislatura.

c) Antes de que transcorra un ano desde a anterior disolución da Cámara efectuada ó abeiro deste artigo.

d) Canto falte menos dun ano para o final da lexislatura.

e) Cando se encontre convocado un proceso electoral estatal.

3. A disolución será acordada polo presidente da Xunta mediante decreto que incluírá a data das eleccións ás Cortes de Castela e León e demais circunstancias previstas na lexislación electoral.

4. A duración do mandato das Cortes así elixidas concluirá ó se completa-lo resto do período de catro anos a que se refire o artigo 12.2 deste estatuto.»

24.º Engádesse un novo artigo:

«Artigo 24. *Consello Consultivo.*

1. O Consello Consultivo de Castela e León é o órgano consultivo superior da Xunta e da Administración da Comunidade.

2. Unha lei das Cortes de Castela e León regulará a súa composición e competencias.»

25.º O actual artigo 19. Carácter, pasa a ser artigo 25. Carácter.

«1. O municipio é a entidade local básica da Comunidade. Goza de personalidade xurídica propia e de plena autonomía para a xestión dos seus intereses. A súa representación, goberno e administración correspóndelle ó respectivo Concello.

2. A provincia, como entidade local, ten personalidade xurídica propia e plena autonomía para a xestión dos seus intereses. O seu goberno e administración están encomendados á respectiva deputación. É, así mesmo, o ámbito territorial ordinario para o cumprimento das actividades da Comunidade, sen prexuízo de que esta poida establecer outros que resulten adecuados.

3. Mediante lei das Cortes de Castela e León poderase regular con carácter xeral a organización e o funcionamento das comarcas.

Polas correspondentes leis das Cortes de Castela e León, específicas para cada suposto, poderanse recoñecer comarcas mediante a agrupación de municipios limítrofes, atendendo ó informe previo

dos municipios afectados e ás súas características comúns.

4. Por lei das Cortes de Castela e León e no marco da lexislación básica do Estado, regularanse as entidades locais menores e outras formas tradicionais de organización municipal. Así mesmo, regularase a creación e recoñecemento de mancomunidades e outras agrupacións de municipios.»

26.º O actual artigo 20. Relacións coa Comunidade, pasa a se-lo artigo 26. Relacións coa Comunidade.

«1. A Comunidade Autónoma e as entidades locais axustarán as súas relacións recíprocas ós deberes de lealdade e información mutua, colaboración, coordinación, descentralización e solidariedade interterritorial, respecto dos ámbitos competenciais respectivos e ponderación dos intereses públicos implicados, calquera que for a Administración que os teña ó seu cargo.

2. A Comunidade Autónoma, no marco da lexislación básica do Estado e no da propia da Comunidade, coordinará as funcións das deputacións provinciais e demais entidades locais que sexan de interese xeral comunitario.

3. A Comunidade Autónoma, mediante lei aprobada por maioría absoluta, poderá transferir facultades correspondentes a materias da súa competencia ás deputacións e a outras corporacións locais que poidan asegura-lo seu eficaz exercicio. Tamén poderán delegar nas entidades locais, en materias da súa competencia, o desempeño das súas funcións e a prestación de servizos.

En ámbolos casos preverase o correspondente traspaso de medios persoais, financeiros e materiais, así como as formas de dirección e control que a Comunidade reserve para si.

4. A Comunidade Autónoma asume como obriga especial o apoio financeiro ás entidades locais, para o cal dotará un fondo de cooperación local adecuado, sen prexuízo doutros instrumentos de cooperación.»

27.º O actual artigo 21. Creación, pasa a se-lo artigo 27. Creación.

«1. O Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León constitúe o órgano superior da Administración de Xustiza na Comunidade e alcanza a todo o seu ámbito territorial, sen prexuízo das competencias que correspondan ó Tribunal Supremo.

2. O Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León axustará a súa organización, competencias e funcionamento a canto dispoñan a Lei orgánica do Poder Xudicial e as demais que lle sexan de aplicación.»

28.º O actual artigo 22 pasa a se-lo artigo 28. Competencia.

Sen modificación.

29.º O actual artigo 23. Presidente e persoal xudicial, pasa a se-lo artigo 29. Presidente e persoal xudicial.

«1. O Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León será nomeado por El-Rei, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.

O presidente da Xunta de Castela e León ordenará a publicación do dito nomeamento no "Boletín Oficial de Castilla y León".

2. O nomeamento dos maxistrados, xuíces, secretarios e restante persoal do Tribunal Superior e dos demais órganos da Administración de Xustiza na Comunidade efectuarase segundo a forma prevista nas leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial.»

30.º O actual artigo 24. Outras competencias, para a se-lo artigo 30. Outras competencias.

«En relación coa Administración de Xustiza, exceptuada a militar, corresponde á Comunidade Autónoma de Castela e León:

1. Exerce-las facultades que as leis orgánicas do Poder Xudicial e do Consello Xeral do Poder Xudicial recoñezan ou atribúan ó Goberno do Estado.

2. Delimita-las demarcacións territoriais dos órganos xurisdiccionais e a localización da súa sede, conforme a Lei orgánica do Poder Xudicial.

3. Os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís serán nomeados para o seu destino na Comunidade pola Xunta de Castela e León de conformidade coas leis do Estado.

A Comunidade Autónoma participará na fixación das demarcacións correspondentes ás notarías e rexistros da propiedade e mercantís radicados no seu territorio.»

31.º O actual artigo 25. Disposición xeral, pasa a se-lo artigo 31. Disposición xeral.

Sen modificación.

32.º O actual artigo 26. Competencias exclusivas, pasa a se-lo artigo 32. Competencias exclusivas.

«1. A Comunidade de Castela e León ten competencia exclusiva nas seguintes materias:

1.ª Organización, réxime e funcionamento das súas institucións de autogoberno.

2.ª Ordenación do territorio, urbanismo e venda.

3.ª Obras públicas de interese para a Comunidade Autónoma dentro do seu propio territorio que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado nin afecten outra comunidade autónoma.

4.ª Ferrocarrís, estradas e camiños que transcorran integramente polo territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, os transportes terrestres, fluviais, por cable ou por tubo. Centros de contratación e terminais de carga de transporte terrestre no ámbito da Comunidade.

5.ª Aeroportos e heliportos que non desenvolvan actividades comerciais.

6.ª Proxectos, construción e explotación dos aproveitamentos hidráulicos, canles e sistemas de rega de interese da Comunidade Autónoma; augas minerais, termais e subterráneas, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos, canles e sistemas de rega, cando as augas discorran integramente dentro do territorio de Castela e León.

7.ª Agricultura, gandería, industrias agroalimentarias, conforme a ordenación xeral da economía.

8.ª Tratamento especial das zonas de montaña.

9.ª Pesca fluvial e lacustre, acuicultura, caza e explotacións cinexéticas. Protección dos ecosistemas en que se desenvolvan as ditas actividades.

10.ª Comercio interior, sen prexuízo da política xeral de prezos, da libre circulación de bens no

territorio do Estado e da lexislación sobre defensa da competencia. Feiras e mercados interiores. Establecemento de bolsas de valores e establecemento e regulación de centros de contratación de mercadorías, conforme a lexislación mercantil.

11.^a Artesanía e demais manifestacións populares de interese da Comunidade.

12.^a Patrimonio histórico, artístico, monumental, arqueolóxico, arquitectónico e científico de interese para a Comunidade, sen prexuízo da competencia do Estado para a súa defensa contra a exportación e a espoliación.

13.^a Museos, bibliotecas, hemerotecas, arquivos e outros centros culturais e de depósito de interese para a Comunidade e que non sexan de titularidade estatal. Nos mesmos termos, conservatorios de música e danza, centros dramáticos e outras institucións relacionadas co fomento e o ensino das Belas Artes.

14.^a Festas e tradicións populares.

15.^a Promoción do turismo e a súa ordenación no ámbito da Comunidade.

16.^a Cultura, con especial atención ás distintas modalidades culturais da Comunidade. As academias que teñan a súa sede central en Castela e León.

17.^a Investigación científica e técnica, en coordinación coa xeral do Estado.

18.^a Promoción da educación física, do deporte e da adecuada utilización do lecer.

19.^a Asistencia social, servicios sociais e desenvolvemento comunitario. Promoción e atención da infancia, da xuventude e dos maiores. Promoción da igualdade da muller. Prevención, atención e inserción social dos colectivos afectados pola discapacidade ou a exclusión social.

20.^a Protección e tutela de menores.

21.^a O fomento do desenvolvemento e a planificación da actividade económica da Comunidade dentro dos obxectivos marcados pola política xeral e, en especial, a creación e xestión dun sector público rexional propio de Castela e León.

22.^a Ordenación da Facenda da Comunidade Autónoma, conforme o establecido neste estatuto.

23.^a Casinos, xogos e apostas, excepto as loterías e apostas do Estado.

24.^a Cooperativas e entidades asimilables, mutuas non integradas no sistema de Seguridade Social, respectando a lexislación mercantil.

25.^a Espectáculos.

26.^a Estatística para os fins da Comunidade Autónoma, en coordinación coa xeral do Estado e coa das demais comunidades autónomas.

27.^a Fundacións que desenvolvan principalmente as súas funcións na Comunidade Autónoma.

28.^a Industria, con observancia de canto determinen as normas do Estado por razóns de seguridade, sanitarias ou de interese militar e as normas relacionadas coas industrias que estean suxeitas á lexislación de minas, hidrocarburos e enerxía nuclear. O exercicio da competencia realizarase consonte as bases e a ordenación da actividade económica xeral e a política monetaria do Estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1 números 11 e 13, da Constitución.

29.^a Instalacións de produción, de distribución e de transporte de calquera tipo de enerxía, incluídos os recursos e aproveitamentos hidroeléctricos, eólicos, de gas natural e de gases licuados, cando se circunscriban ó territorio da Comunidade

e o seu aproveitamento non afecte outra comunidade autónoma, todo isto sen prexuízo do establecido no artigo 149.1, números 22 e 25 da Constitución.

30.^a Publicidade, deixando a salvo as normas dictadas polo Estado para sectores e medios específicos, de acordo co artigo 149.1, números 1, 6 e 8 da Constitución.

31.^a Servicio meteorolóxico da Comunidade Autónoma.

32.^a Denominacións de orixe e outras indicacións de procedencia relativas a produtos da Comunidade, en colaboración co Estado.

33.^a Caixas de aforros e institucións de crédito cooperativo público e territorial, no marco da ordenación xeral da economía e de acordo coas disposicións que en uso das súas facultades dicte o Estado.

34.^a Calquera outra que lle corresponda conforme a Constitución, este estatuto ou, en xeral, o ordenamento xurídico.

2. No exercicio destas competencias, corresponderán á Comunidade de Castela e León as potestades lexislativa e regulamentaria, e a función executiva, incluída a inspección, que serán exercidas respectando, en todo caso, o disposto na Constitución.»

33.º Engádesse un novo artigo:

«Artigo 33. *Outras competencias.*

1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Castela e León a vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións para o que poderá convir co Estado a adscrición dunha unidade do Corpo Nacional de Policía, nos termos e para o exercicio das funcións previstas na Lei orgánica a que se refire o número 29 do artigo 149.1 da Constitución.

2. A Comunidade Autónoma poderá tamén convir co Estado na colaboración das Forzas e Corpos de Seguridade para o exercicio das funcións correspondentes a aquelas das súas competencias que así o precisen.

3. Corresponde á Comunidade Autónoma a coordinación e demais facultades previstas na lei orgánica a que se refire o número 22 do artigo 148.1 da Constitución, en relación coas policía locais de Castela e León, sen prexuízo da súa dependencia das autoridades locais.»

34.º O actual artigo 27. Competencias de desenvolvemento normativo e de execución, pasa a se-lo artigo 34. Competencias de desenvolvemento normativo e de execución.

«1. No marco da lexislación básica do Estado e, se for o caso, nos termos que ela estableza, é competencia da Comunidade de Castela e León o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nas seguintes materias:

1.^a Sanidade e hixiene. Promoción, prevención e restauración da saúde.

2.^a Coordinación hospitalaria en xeral, incluída a da Seguridade Social.

3.^a Réxime local.

4.^a Defensa do consumidor e do usuario, de acordo coas bases e coa ordenación da actividade económica xeral e a política monetaria do Estado e coas bases e a coordinación xeral da sanidade, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1, números 11, 13 e 16 da Constitución.

5.^a Protección do ambiente e dos ecosistemas, sen prexuízo das facultades da Comunidade Autónoma para establecer normas adicionais de protección nos termos do artigo 149.1.23.^a da Constitución.

6.^a Réxime mineiro e enerxético.

7.^a Prensa, radio, televisión e outros medios de comunicación social, no marco das normas básicas que o Estado estableza conforme o artigo 149.1, número 27, da Constitución.

Nos termos establecidos no parágrafo anterior, a Comunidade Autónoma poderá regular, crear e mante-los medios de comunicación social que considere necesarios para o cumprimento dos seus fins.

8.^a Ordenación farmacéutica.

9.^a Montes, aproveitamentos e servicios forestais, vías pecuarias, pastos e espazos naturais protexidos.

10.^a Cámaras agrarias, de comercio e industria e calquera outra de natureza equivalente.

11.^a Colexios profesionais e exercicio de profesións tituladas.

12.^a Sistema de consultas populares no ámbito de Castela e León, de conformidade co que dispoña a lei a que se refire o artigo 92.3 da Constitución e demais leis do Estado, correspondendo a este a autorización da súa convocatoria.

2. Nestas materias, e salvo norma en sentido contrario, corresponde, ademais, á Comunidade a potestade regulamentaria, a xestión e a función executiva, incluída a inspección.»

35.º O actual artigo 27 bis. Competencias sobre educación, pasa a se-lo artigo 35. Competencias sobre educación.

«1. Corresponde á Comunidade Autónoma a competencia de desenvolvemento lexislativo e execución do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, conforme o disposto no artigo 27 da Constitución e leis orgánicas que conforme o punto 1 do artigo 81 daquela o desenvolvan e sen prexuízo das facultades que atribúe ó Estado o número 30 do punto 1 do artigo 149 e da alta inspección para o seu cumprimento e garantía.

2. Para garantir unha prestación homoxénea e eficaz do servicio público da educación que permita corrixi-las desigualdades ou desequilibrios que se poidan producir, a Comunidade Autónoma facilitará á Administración do Estado a información que esta lle solicite sobre o funcionamento do sistema educativo nos seus aspectos cualitativos e cuantitativos, e colaborará coa Administración do Estado nas actuacións de seguimento e avaliación do sistema educativo nacional.

3. No exercicio destas competencias, a Comunidade Autónoma fomentará a investigación, especialmente a referida a materias ou aspectos peculiares de Castela e León, e a creación de centros universitarios na Comunidade.»

36.º O actual artigo 28. Competencias de execución, pasa a se-lo artigo 36. Competencias de execución.

«Corresponde á Comunidade de Castela e León, nos termos que establezan as leis e as normas regu-

lamentarias que no seu desenvolvemento dicte o Estado, a función executiva nas seguintes materias:

1. Asociacións.

2. Feiras internacionais.

3. Xestión das prestacións e servicios sociais do sistema de seguridade social: INSERSO. A determinación das prestacións do sistema, os requisitos para establece-la condición de beneficiario e o financiamento efectuaranse de acordo coas normas establecidas polo Estado no exercicio das súas competencias, de conformidade co disposto no número 17 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

4. Xestión de museos, arquivos, bibliotecas e coleccións de natureza análoga de titularidade estatal que o Estado non reserve para si. Os termos da xestión serán fixados mediante convenios.

5. Pesos e medidas. Contraste de metais.

6. Plans establecidos polo Estado para a implantación ou reestructuración de sectores económicos.

7. Productos farmacéuticos.

8. Propiedade industrial.

9. Propiedade intelectual.

10. Laboral. De conformidade co número 7 do punto 1 do artigo 149 da Constitución, corresponde ó Estado a competencia sobre lexislación laboral e a alta inspección. Quedan reservadas ó Estado tódalas competencias en materia de migracións interiores e exteriores, fondos de ámbito nacional e de emprego, sen prexuízo do que establezan as normas do Estado sobre estas materias.

11. Crédito, banca e seguros, de acordo coas previsións das regras 6, 11 e 13 do punto 1 do artigo 149 da Constitución.

12. Xestión da asistencia sanitaria da Seguridade Social, conforme o previsto no número 17 do punto 1 do artigo 149 da Constitución, reservando o Estado para si a alta inspección condudente ó cumprimento da función a que se refire este precepto.

13. Aeroportos con cualificación de interese xeral, a xestión directa dos cales, reserve para si o Estado.

14. Sector público estatal no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, a que participará nos casos e actividades que proceda.

15. Transporte de mercadorías e viaxeiros que teñan a súa orixe e destino no territorio da Comunidade Autónoma de Castela e León, sen prexuízo da execución directa que o Estado reserve para si.»

37.º O actual artigo 29. Asunción de novas competencias, pasa a se-lo artigo 37. Asunción de novas competencias.

«1. No marco do establecido no punto 2 do artigo 148 da Constitución, logo de acordo das Cortes de Castela e León, adoptado por maioría absoluta, a Comunidade Autónoma poderá ampliar-lo ámbito das súas competencias en materias que non estean atribuídas en exclusiva ó Estado e naquelas en que só lle estean atribuídas as bases ou principios. O acordo de asumi-las novas competencias someterase ás Cortes Xerais para a súa aprobación mediante lei orgánica.

Así mesmo, poderá asumir competencias a través dos procedementos establecidos nos números 1 e 2 do artigo 150 da Constitución.

Para os efectos sinalados nos parágrafos anteriores, a Comunidade Autónoma poderá exercer-la iniciativa legislativa prevista no artigo 87.2 da Constitución.

2. En calquera caso, a Comunidade de Castela e León poderá asumir as demais competencias, funcións e servizos que a lexislación do Estado reserve ou atribúa ás comunidades autónomas.»

38.º O actual artigo 30. Convenios e acordos de cooperación, pasa a se-lo artigo 38. Convenios e acordos de cooperación.

«1. Para a xestión e a prestación de servizos propios correspondentes a materias da súa competencia exclusiva, a Comunidade Autónoma de Castela e León poderá subscribir convenios con outras comunidades autónomas. Tales convenios deberán ser aprobados polas Cortes de Castela e León e comunicados ás Cortes Xerais, e entrarán en vigor ós trinta días da dita comunicación, salvo que as Cortes Xerais acorden no mesmo termo que, polo seu contido, deben axustarse ó previsto no punto 2 deste artigo.

2. A Comunidade Autónoma de Castela e León poderá igualmente establecer acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, logo de autorización das Cortes Xerais.

3. A Comunidade Autónoma de Castela e León poderá solicitar do Goberno da Nación o asinamento de tratados ou convenios internacionais en materias de interese para Castela e León, e en especial nas derivadas da súa situación xeográfica como rexión fronteiriza.

4. A Xunta de Castela e León adoptará as medidas necesarias para a execución, dentro do seu territorio, dos tratados internacionais e actos normativos das organizacións internacionais, no que afecten as materias propias das competencias da Comunidade Autónoma de Castela e León.

5. A Comunidade Autónoma de Castela e León será informada da elaboración de tratados e convenios internacionais, así como dos proxectos de lexislación alfandegueira, no que afecten materias do seu específico interese.»

39.º O actual artigo 31. Administración rexional, pasa a se-lo artigo 39. Administración rexional.

«1. Corresponde á Comunidade Autónoma de Castela e León a creación e estruturación dos órganos e servizos da Administración rexional que teñan por obxecto servir ó exercicio das competencias atribuídas a aquela.

2. No exercicio das súas competencias, a Administración da Comunidade Autónoma de Castela e León gozará das potestades e privilexios propios da Administración do Estado, entre os que se comprenden:

a) A presunción de lexitimidade e a executoriedade dos seus actos, así como os poderes de execución forzosa e revisión en vía administrativa.

b) A potestade de expropiación, incluída a declaración de urxente ocupación dos bens afectados, e o exercicio das restantes competencias da lexislación expropiatoria atribuídas á Administración do Estado, cando se trate de materias de competencia da Comunidade Autónoma.

c) A potestade de sanción dentro dos límites que estableza o ordenamento xurídico.

d) A facultade de utilización do procedemento de constrinximento.

e) A inembargabilidade dos seus bens e dereitos, así como os privilexios de prelación, preferencia e demais recoñecidos á Facenda pública para o cobro dos seus créditos, sen prexuízo dos que correspondan nesta materia á Facenda do Estado e en igualdade de dereitos coas demais comunidades autónomas.

f) A exención de toda obriga de garantía ou caución ante calquera organismo administrativo ou tribunal xurisdiccional.

g) A inadmisión de interdictos contra as actuacións da Comunidade en materia da súa competencia realizadas de acordo co procedemento legal.

3. Así mesmo, no exercicio da competencia de organización, réxime e funcionamento, prevista no artigo 32.1.1.ª do presente estatuto, e de acordo coa lexislación do Estado, corresponde á Comunidade Autónoma, entre outras materias, o establecemento do réxime estatutario dos funcionarios da Comunidade e da súa Administración local, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.18.ª da Constitución; a elaboración do procedemento administrativo derivado das especialidades da súa organización propia; e a regulación dos bens de dominio público e patrimoniais da titularidade da Comunidade, e dos contratados e das concesións administrativas do seu ámbito.»

40.º O actual artigo 32. Principios de política económica, pasa a se-lo artigo 40. Principios de política económica.

«1. A Comunidade orientará a súa actuación económica á consecución do pleno emprego, ó aproveitamento e á potenciación dos seus recursos, ó aumento da calidade da vida dos casteláns e leoneses e da solidariedade interrexional, prestando atención prioritaria ó desenvolvemento das provincias e zonas máis deprimidas.

Para tales fins, e para o mellor exercicio das súas competencias, a Comunidade poderase dotar de instrumentos que fomenten a plena ocupación, a formación profesional e o desenvolvemento económico e social.

2. Con obxecto de asegura-lo equilibrio económico dentro do territorio da Comunidade e a realización interna do principio de solidariedade, constituirase un fondo de compensación rexional que será regulado por lei das Cortes de Castela e León.

3. Os órganos da Comunidade atenderán á promoción de tódolos sectores económicos e, en particular, dos relacionados co desenvolvemento do mundo rural.

4. A Comunidade de Castela e León participará na elaboración de plans e programas económicos do Estado, especialmente cando estes afecten a Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no artigo 131 da Constitución.»

41.º Engádesse un artigo novo:

«Artigo 41. *Outros principios.*

1. A Comunidade Autónoma de Castela e León velará porque, nos termos dos artigos 138 e 139 da Constitución española, o Estado garanta a realización efectiva dos principios de igualdade e solidariedade e o equilibrio das diversas comunidades autónomas, sen que as diferenzas entre os seus estatutos e competencias poidan implicar, en ningún caso, privilexios económicos ou sociais en prexuízo de Castela e León.

2. Co fin de garanti-lo nivel mínimo na prestación dos servizos públicos fundamentais que a Comunidade Autónoma asumise, a súa Facenda recibirá con cargo ós orzamentos xerais do Estado a asignación complementaria a que se refire o artigo 158.1 da Constitución española, sempre que se dean os supostos previstos para o efecto na lei que regule o financiamento das comunidades autónomas ou noutras normas de desenvolvemento.

3. A Comunidade Autónoma velará porque na valoración do custo dos servizos transferidos ou por transferir, no cálculo da participación anual dos ingresos do Estado, na determinación da asignación compensatoria a que se refire o punto anterior e na dos demais instrumentos de solidariedade previstos no artigo 158 da Constitución española, para a corrección dos desequilibrios tradicionais de Castela e León, se ponderen adecuadamente, entre outros, os factores de extensión superficial e dispersión e baixa densidade da poboación.»

42.º O actual artigo 33. Autonomía financeira, pasa a se-lo artigo 42. Autonomía financeira.

«1. A Comunidade, dentro dos principios de coordinación coas facendas estatal e local, de suficiencia e de solidariedade entre tódolos españois, ten autonomía financeira e patrimonio propio, de acordo coa Constitución, o presente estatuto e a lei orgánica que regule o financiamento das comunidades autónomas.

2. A Comunidade e as institucións que a compoñen gozan de idéntico tratamento fiscal có establecido polas leis para o Estado.»

43.º O actual artigo 34. Patrimonio, pasa a se-lo artigo 43. Patrimonio.

«1. O patrimonio da Comunidade Autónoma de Castela e León está integrado por tódolos bens dos que ela sexa titular, estean ou non adscritos a algún servizo ou uso público da Comunidade e calquera que for a súa natureza e o título de adquisición.

2. Unha lei das Cortes de Castela e León regulará o réxime xurídico do patrimonio da Comunidade Autónoma, así como a súa administración, conservación e defensa.»

44.º O actual artigo 35. Recursos financeiros, pasa a se-lo artigo 44. Recursos financeiros.

«1. A Facenda da Comunidade Autónoma constitúese con:

1. Os rendementos dos seus propios impostos, taxas, prezos públicos e contribucións especiais.

2. Os rendementos dos tributos cedidos polo Estado a que se refire a disposición adicional primeira e de todos aqueles a cesión dos cales sexa aprobada polas Cortes Xerais.

3. Unha porcentaxe de participación na recadación dos impostos estatais non cedidos.

4. As recargas sobre impostos estatais.

5. As transferencias procedentes do Fondo de Compensación Interterritorial e doutros fondos para o desenvolvemento.

6. Outras asignacións con cargo ós orzamentos xerais do Estado.

7. Os ingresos procedentes da Unión Europea.

8. Os ingresos procedentes doutros organismos nacionais ou internacionais.

9. O produto da emisión da débeda e o recurso ó crédito.

10. Os rendementos do patrimonio da Comunidade Autónoma e os demais ingresos de dereito privado, legados, herdanzas e doazóns.

11. O produto das multas e sancións no ámbito da súa competencia.

12. Calquera outro tipo de ingresos que se poidan obter en virtude das leis.

2. A regulación da Facenda da Comunidade ordenarase de conformidade co establecido neste estatuto e na lexislación do Estado.»

45.º Engádese un artigo novo:

«Artigo 45. *Outros recursos.*

A Comunidade Autónoma ou as entidades locais afectadas participarán nos ingresos correspondentes ós tributos que o Estado poida establecer para recupera-los custos sociais producidos por actividades contaminantes ou xeradoras de riscos de especial gravidade para o medio, na forma que estableza a lei creadora do gravame.»

46.º O actual artigo 36. Tributos, pasa a se-lo artigo 46. Tributos.

«1. Os tributos propios ou os cedidos á Comunidade acomodarán a súa regulación ó establecido na lei orgánica que regule o financiamento das comunidades autónomas.

2. Regularanse na mesma forma as recargas que proceda establecer e as participacións nos tributos estatais.

3. Non se considerará reforma do Estatuto o establecemento, modificación ou supresión de calquera dos conceptos tributarios mencionados nos puntos 1 e 2 deste artigo.»

47.º O actual artigo 37. Revisión da participación, pasa a se-lo artigo 47. Revisión da participación.

«A revisión da participación da Comunidade Autónoma nos ingresos do Estado quedará suxeita ó que se dispoña na lei orgánica que regule o financiamento das comunidades autónomas.»

48.º O actual artigo 38. Débeda pública e crédito, pasa a se-lo artigo 48. Débeda pública e crédito.

«1. A Comunidade Autónoma poderá emitir débeda pública e concertar operacións de crédito para financiar gastos de investimento nos termos que autorice a correspondente lei das Cortes de Castela e León.

2. O volume e características das emisións estableceranse de acordo coa ordenación xeral da política crediticia e en coordinación co Estado.

3. Os valores emitidos terán a consideración de fondos públicos para tódolos efectos.

4. Igualmente poderá concertar operacións de crédito por prazo inferior a un ano con obxecto de cubri-las súas necesidades transitorias de tesourería.

5. O establecido nos puntos anteriores axustarase ó disposto na lei orgánica que regule o financiamento das comunidades autónomas.»

49.º O actual artigo 39. Institucións públicas e de crédito e aforro, pasa a se-lo artigo 49. Institución pública de crédito e aforro.

Sen modificación.

50.º O actual artigo 40. Orzamentos, pasa a se-lo artigo 50. Orzamentos.

«1. Os orzamentos da Comunidade constituirán a expresión cifrada conxunta e sistemática das obrigas que como máximo poden recoñecer e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio. Terán carácter anual e incluírán a totalidade dos gastos e ingresos dos organismos e entidades que a integren, e neles consignarase o importe dos beneficios fiscais que afecten os tributos atribuídos á Comunidade de Castela e León.

2. Corresponderá á Xunta elabora-los orzamentos de Castela e León e ás Cortes de Castela e León o seu exame, emenda, aprobación e control. A Xunta presentará o proxecto de orzamentos ás Cortes de Castela e León antes do 15 de outubro de cada ano. Se non for aprobado antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, ficarán automaticamente prorrogados os do ano anterior ata se aproba-lo novo.

3. Os orzamentos da Comunidade presentaranse equilibrados e a súa elaboración e xestión efectuarase con criterios homoxéneos ós do Estado, de forma que sexa posible a súa consolidación.

4. A contabilidade da Comunidade adaptarase ó Plan Xeral de Contabilidade Pública que se establece para todo o sector público.

A Comunidade estará obrigada a publica-los seus orzamentos e contas anuais e a subministra-la información que requira o Consello de Política Fiscal e Financeira, certificando a exactitude material dos datos contables.

5. En todo o non disposto por este estatuto en materia de contabilidade e control da actividade financeira, terase en conta a lexislación estatal que sexa aplicable.»

51.º Engádesse un novo artigo:

«Artigo 51. *Consello de Contas.*

1. O Consello de Contas, dependente das Cortes de Castela e León, realizará as funcións de fiscalización externa da xestión económica, financeira e contable do sector público da Comunidade Autónoma e demais entes públicos de Castela e León, sen prexuízo das competencias que corresponden ó Tribunal de Contas conforme a Constitución.

2. Unha lei das Cortes regulará as súas competencias, organización e funcionamento.»

52.º O actual artigo 41. Coordinación das Facendas locais, pasa a se-lo artigo 52. Coordinación das Facendas locais.

Sen modificación.

53.º O actual artigo 42. Sector público, pasa a se-lo artigo 53. Sector público.

Sen modificación.

54.º Engádesse un novo artigo:

«Artigo 54. *Consello Económico e Social.*

1. O Consello Económico e Social é un órgano colexiado de carácter consultivo e asesor en materia socioeconómica da Comunidade Autónoma de Castela e León.

2. Unha lei da Comunidade regulará a súa organización e funcionamento.»

55.º O actual artigo 43. Procedemento, pasa a se-lo artigo 55. Procedemento.

56.º«Disposición adicional terceira:

Dada a relevancia que a bacía do Douro ten como elemento configurador do territorio de Castela e León, a Comunidade Autónoma cooperará nos termos previstos na lexislación estatal e mediante os oportunos convenios, especialmente en materia de xestión, no exercicio das competencias a que se refire o artigo 149.1.22.ª da Constitución, todo isto sen prexuízo das previsións establecidas no artigo 37.1 do presente estatuto.»

57.º«Disposición adicional cuarta:

A celebración de eleccións atenderá ó que dispoñan as Cortes Xerais, co fin exclusivo de coordina-lo calendario das diversas consultas electorais.»

58.º As disposicións transitorias non teñen modificación, salvo a disposición transitoria primeira, punto dous:

Onde di: «... conforme o disposto no artigo 15 deste estatuto.»

Debe dicir: «... conforme o disposto no artigo 17 deste estatuto.»

59.º A disposición derogatoria non ten modificación.

60.º A disposición derradeira non ten modificación.

Disposición derogatoria única.

Ó entrar en vigor a presente reforma do Estatuto de autonomía de Castela e León quedarán derogadas as disposicións de igual ou inferior categoría que se opoñan a ela.

Disposición derradeira única.

A presente reforma do Estatuto de autonomía de Castela e León entrará en vigor o mesmo día en que se publique a Lei orgánica da súa aprobación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 8 de xaneiro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

460

REAL DECRETO-LEI 1/1999, do 8 de xaneiro, sobre selección de persoal estatutario e provisión de prazas nas institucións sanitarias da Seguridade Social. («BOE» 8, do 9-1-1999.)

A Lei 4/1990, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 1990, no seu artigo 34.catro, modificou os sistemas de selección de persoal e de provisión de prazas e postos de traballo nas institucións sanitarias da Seguridade Social, adaptando aqueles á realidade e estrutura do sistema sanitario público no noso país e derogando as normas que ata tal momento os regulaban, moitas das cales databan de datas anteriores á